



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Plurilingüe Pedra da Aguia

Rúa Curros s/n

15121 A Ponte Do Porto-Camariñas (A Coruña)

Teléfono: 881880294

ies.pedra.aguia@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespedraaguia/>

## CADERNO DE NAIS, PAIS E RESPONSABLES DO ALUMNADO

### PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN PROTOCOLO COVID-19

#### CURSO ESCOLAR 2020-2021

O presente caderno ten como obxectivo que como nais e pais do noso alumnado sexades coñecedores das actuacións que como centro educativo estamos a levar a cabo para conseguir un contorno saudable e seguro. Este obxectivo deberá ser un traballo en equipo entre as familias e o centro para así, en colaboración, minimizarmos os riscos e aumentar a seguridade. Durante os primeiros meses, o noso labor pedagóxico é de ensino de todas as rutinas de aseo e hixiene coa fin de que os nosos alumnos e alumnas interioricen e automaticen estas aprendizaxes que sen dúbida precisaremos no noso día a día nesta “nova normalidade”. Como é habitual neste equipo docente, este labor será dende a proximidade e o afecto, cuidando sempre o factor emocional.

#### EQUIPO COVID NO CENTRO

- Directora: María Benedicta Mouzo Romero, coordinadora do equipo e interlocutora coa administración (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Xefatura Territorial de Sanidade), é a encargada de manter a comunicación co persoal do centro, familias e alumnado.
- Pedagogía terapéutica: María Belén Miñones Bermúdez
- Orientador: José Rodríguez Martínez
- Suplentes:
  - Jacobo Santos Solla -Xefe de estudos
  - Adela Coello Torres- Secretaria

Será un equipo de referencia para o resto do persoal do centro, para o alumnado e para as familias. Os centros educativos terán un **Centro de Atención Primaria de referencia** (Centro de Saúde da Ponte do Porto) onde a persoa responsable do equipo pode resolver calquera dúbida que poida xurdir.



## QUE TEÑO QUE FACER NA CASA

Ante un malestar xeral do alumnado recoméndase que quede na casa. Teredes que realizar una autoavaliación dos síntomas de forma diaria antes de saír da casa. De presentaren sintomatoloxía compatible coa Covid-19, a familia contactará inmediatamente co centro de saúde que lle corresponda ao alumno (centro de saúde de Vimianzo, A Ponte do Porto, Camariñas ou Camelle). **Non será necesaria a xustificación** da ausencia por parte do médico, abondará co comprobante dos pais ou titores legais. **Non poderán asistir ao instituto** ata que o resultado da proba **sexa negativo** e a familia **comunicará a situación ao centro educativo**. Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer Covid-19, os alumnos/as que convivan con ela **non poderán asistir ao instituto** ata que o resultado da proba **sexa negativo** e a familia comunicará a situación ao centro.

### PASOS A SEGUIR:

#### NA ESCOLA

Se durante a xornada escolar un alumno/a presentara síntomas compatibles coa COVID-19, **contactarase coa familia, que terá que presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia terá que solicitar consulta telefónica co centro de saúde que lle corresponda ao alumno.** Mentres, o alumno/a estará illado no centro, nun espazo de uso individual acompañado por un profesor (que portará o equipo de protección sanitario preciso) mentres se xestiona o traslado coa familia. É imprescindible ter actualizados teléfonos de contacto coas familias. Teredes que poñer a disposición do centro todos os números de teléfono que poidades, para garantir o contacto con vós para informar ou notificar calquera incidencia urxente.

#### ENTRADAS

**Pregarase rigorosa puntualidade.**

Usuarios do transporte escolar: é obrigatorio o uso de máscaras no autobús. Todos os alumnos teñen un asento asignado de acordo cun plano entregado aos condutores e aos acompañantes que este ano viaxan en todas as liñas de transporte escolar. **NINGÚN ALUMNO PODE CAMBIAR DE AUTOBÚS.**

O aforo queda determinado polo órgano autonómico competente. Accederán ás instalacións evitando as aglomeracións e pola cancela asignada.

1º ESO e 2º ESO a entrada e saída é polo lateral dereito.

3º ESO e 4º ESO a entrada e saída é pola porta central.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Plurilingüe Pedra da Aguiá

Rúa Curros s/n

15121 A Ponte Do Porto-Camariñas (A Coruña)

Teléfono: 881880294

[ies.pedra.aguia@edu.xunta.gal](mailto:ies.pedra.aguia@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespedraaguia/>

## **IMPUNTUALIDADE**

Se chegan máis tarde do horario de comezo terán que ir ao edificio, a conserxería, e avisar para que o alumno/a sexa acompañado polo persoal do centro.

## **COMUNICACIÓNS E REUNIÓNS COAS FAMILIAS**

### **Comunicación familia**

-Teléfono do centro para dúbidas e avisos urxentes: 881 880 294

-Correo do centro: [ies.pedra.aguia@edu.xunta.gal](mailto:ies.pedra.aguia@edu.xunta.gal)

-Videochamada ou Abalar Móbil.

## **REUNIÓNS XERAIS**

Limitaranse ás mínimas imprescindibles. Cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforo.

Todas as reunións faranse con cita previa.

Desde a páxina: [www.edu.xunta.es/centros/iespedraaguia/](http://www.edu.xunta.es/centros/iespedraaguia/) pódese acceder ao [apartado COVID-19](#), onde estará toda a información de interese.